

1. TÍTULO DO PROGRAMA / AXUDA

Subvencións para a modernización do comercio: Fondo tecnolóxico; no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola UE (código do procedemento CO300G)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

O financiamento de proxectos de contido tecnolóxico, innovador e sustentable, dirixidos a impulsar o emprego das novas tecnoloxías no sector comercial.
Dúas liñas de axuda:

- 1) Liña destinada a autónomos e pemes comerciais
- 2) Liña destinada a Federacións e Asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro

3. TIPOS DE APOIO

Axudas a fondo perdido suxeitas ao réxime de mínimos e tramitadas en réxime de concorrência non competitiva; orde de prelación temporal para a tramitación das solicitudes destas axudas.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

1) Persoas beneficiarias da liña 1 de axudas destinadas a autónomos e pemes comerciais, persoas físicas ou xurídicas, comunicades de bens, ou calquera outra unidade económica ou de patrimonio separado sen personalidade xurídica que foran legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o establecemento comercial para o que se solicita a axuda teña carácter físico e permanente e estea localizado na CA de Galicia. No caso de comerciantes que realicen a actividade comercial en liña ou comerciantes retallistas fora dun establecemento comercial permanente, deberán ter domicilio fiscal en Galicia. As páxinas web deberán cumprir os requisitos que figuran no ANEXO XIII desta Orde.

b) Que teñan a condición de peme segundo o establecido no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño do 2014

c) Que a actividade principal do negocio se corresponda con algunha das actividades incluídas nos códigos 46 ou 47 do CNAE, aprobadas polo Real Decreto 475/2007 do 13 de abril polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 2009) Quedan excluídas as actividades comerciais dadas de alta como actividade principal nos epígrafes 616, 654, e 655. Si no comercio se realizan simultaneamente varias actividades económicas diferentes, o solicitante deberá acreditar mediante declaración responsable, que a súa actividade principal é unha das pertencentes aos epígrafes de actividades comerciais consideradas subvencionables.

3) Persoas beneficiarias da liña 2 de axudas destinadas a Federación e Asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Asociacións e Federacións de comerciantes sen ánimo de lucro legalmente constituídas que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa dos intereses do sector comercial
- b) Que teñan a sede social e o seu ámbito de actuación en Galicia
- c) Que teñan unha antigüidade mínima de 3 anos na data de publicación desta orde.
- d) No caso de Asociacións de ámbito municipal: Deberán ter un número mínimo de comerciantes asociados, dados de alta nalgunha das epígrafes subvencionables segundo esta Orde, e en función da poboación do concello: Menos de 5.000 habitantes, mínimo de 10 comerciantes asociados; Entre 5.000 e 20.000 habitantes, mínimo de 20 comercios asociados; Máis de 20.000 habitantes, mínimo de 50 comercios asociados. En todo caso, o número de comercios asociados deberá representar, como mínimo, o 40% do número de socios da Asociación.
- e) No caso de Federacións de ámbito provincial ou autonómico, deberán ter asociadas un mínimo de 15 asociacións de comerciantes que cumpran ademais cos requisitos da letra d) deste apartado

No poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas en crise, e os solicitantes que resultaran beneficiarios no ano 2023 da Orde CO300G para os mesmos conceptos subvencionables nin os solicitantes que foran obxecto dun procedemento de reintegro total nas axudas convocadas en materia de comercio pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación nos anos 2021 e 2022.

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

As actuacións serán subvencionables sempre e cando sexan realizadas e efectivamente pagadas dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 29 de setembro do 2023

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES PARA A LIÑA 1 DE AXUDAS DESTINADAS A PERSOAS AUTÓNOMAS E PEMS COMERCIAIS:

1) Programa smart retail dirixido á transformación dixital do punto de venda e modelo de negocio a través das seguintes actuacións:

Software de xestión de experiencia da clientela (aplicacións big data e análise de datos); Etiquetaxe electrónica para lineais de venda; Tecnoloxía de control de stocks e tecnoloxía RFID; Xestor de colas automatizado; Sistemas de click and collect e locker dixitais; Probadores interactivos; Software para a xestión loxística do e-commerce; Solucións de ciberseguridade; Asistentes virtuais e sistemas dixitais interactivos (chatbots); Aplicacións para dispositivos móbiles (m-commerce); Terminais de autopagamento;

2) Programa visual merchandising dirixido á mellora da experiencia de compra a través das seguintes actuacións:

Escaparates virtuais con ou sen interacción coa clientela; Estanterías virtuais; Pantallas e mesas interactivas; Totems publicitarios; Pizarras dixitais; Aplicacións de realidade virtual e aumentada; En todo caso tódalas actuacións subvencionables excepto a última (aplicacións de realidade aumentada), deberán incluír o software para a programación e emisión de contidos dixitais. Considéranse subvencionables os gastos relativos a elaboración destes contidos.

3) Programa Green Store, dirixido á mellora da eficiencia enerxética e dos recursos a través das seguintes actuacións:

Portas automáticas con sensores de proximidade que redunden nunha mellora da eficiencia enerxética no ámbito térmico do local; Sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces que melloren e optimicen o consumo de enerxía eléctrica; Sistemas de climatización do local enerxeticamente eficientes;

ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES PARA A LIÑA 2 DE AXUDAS DESTINADAS A FEDERACIÓN E ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES:

- 1) Mupis dixitais, interactivos ou non, de sinalización e promoción das áreas comerciais en espazos públicos
- 2) Ferramentas dixitais colaborativas entre os asociados
- 3) Sistemas de Click and Collect e Lockers dixitais
- 4) Redes wifi nas áreas comerciais
- 5) Redución dos insumos por parte dos comercios e das persoas consumidoras nos establecementos comerciais mediante a implantación de alternativas respectuosas co medio ambiente.
- 6) Elaboración e posta en marcha de procesos ecoeficientes para a correcta separación dos residuos e a súa posterior reciclaxe e valoración que inclúan a participación de todos os asociados. Consideraranse subvencionables os gastos relativos á adquisición de elementos para a correcta reciclaxe dos residuos.
- 7) Proxectos de aplicación de solucións tecnolóxicas conxuntas para mellorar a eficiencia no consumo enerxético que inclúan a participación de todos os asociados.

NON SERÁN SUBVENCIONABLES:

- Os ordenadores persoais e servidores, televisores, impresoras, terminais de punto de venda, tablets, displays, consolas e similares, agás o mobiliarios tecnolóxico previsto na Orde.
- Os gastos realizados en establecementos adicados exclusivamente ás máquinas de venda automática
- Os gastos adicados ás actividades que non constituyan a actividade comercial principal da persona solicitante
- Os costes de adquisición de investimentos e os gastos subvencionables superiores ao valor de mercado
- Os impostos indirectos nin os tributos de calquera natureza, licenzas, permisos ou gastos similares. O IVE non será subvencionable en ningún caso.
- Os gastos de arrendamento de establecementos ou gastos correntes da actividade do beneficiario nin os gastos de persoal
- O seguimento, mantemento ou calquera outro gasto relacionado co funcionamento e mellora da solución tecnolóxica tras a súa implementación
- Os traballos realizados polo solicitante da subvención nin as actuacións cando o vendedor dos activos ou o prestador da actividade sexa da propia empresa ou asociación solicitante, ou se dá un suposto análogo do cal poida derivar autofacturación
- Os elementos de transporte
- Os gastos financeiros, circulante, taxas etc
- Os inmobles ou artigos de exposición e de proba susceptibles de posterior venda ao público e a instalación de expositores de carácter temporal
- Nos proxectos de redución de insumos, os elementos de packaging que non sexan reutilizables e elaborados con materiais que non sexan 100% reciclados ou biodegradables

- Os proxectos desenvolvidos por Federaci3ns ou Asociaci3ns de comerciantes que sexan coincidentes no mesmo territorio e te3an a mesma identidade en canto a actuaci3n, finalidade e obxectivos. En caso de coincidencia, aplicarase a prelación temporal de presentaci3n do proxecto
- Os proxectos nos que o investimento non se axuste ao v3lume de negocio anual e 3s necesidades da persoa solicitante
- Os proxectos que non respecten plenamente as normas e prioridades da UE en materia clim3tica e ambiental
- As actividades relacionadas con combustibles f3siles
- As actividades no marco do r3xime de comercio de dereitos de emisi3n da UE (RCDE) en relaci3n as cales, se prevexa que as emisi3ns de gases de efecto invernadoiro que van provocar, non se situar3n por baixo dos par3metros de referencia pertinentes e aprobados pola UE
- Actividades relacionadas con vertedoiros de residuos, incineradoras etc coas especificaci3ns que ve3nen na Orde das Bases reguladoras da mesma.
- As actividades en que a eliminaci3n a longo prazo de residuos poida causar danos ao ambiente.

9. CONT3A DAS AXUDAS

LI3A DE AXUDAS PARA AUT3NOMOS E PEMES:

Investimentos m3ximos subvencionables:

Aut3nomos e pemes de 0 a 10 traballadores: 50.000 €; Aut3nomos e pemes de 11 a 50 traballadores: 100.000 €; Aut3nomos e pemes de 51 a 250 traballadores: 200.000 €

LI3A DE AXUDAS PARA FEDERACI3NS E ASOCIACI3NS:

Investimentos m3ximos subvencionables:

Asociaci3ns de 10 a 19 comercios asociados: 20.000 €; Asociaci3ns de 20 a 49 comercios asociados: 40.000 €; Asociaci3ns de 50 ou m3is comercios asociados: 60.000 €; Federaci3ns de comerciantes: 100.000 €

O INVESTIMENTO M3NIMO PARA QUE O PROXECTO SE CONSIDERE SUBVENCIONABLES SER3 DE 2.000 EUROS IVE EXCLUIDO

A PORCENTAXE DE SUBVENCI3N SER3 DO 90% DOS INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES NAS D3AS LI3AS DE SUBVENCI3N

10. PRAZO DE PRESENTACI3N DE SOLICITUDES

As solicitudes deber3n presentarse na modalidade electr3nica na sede electr3nica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

O prazo para presentar as solicitudes remata o 30 DE XU3O DE 2023

11. INCOMPATIBILIDADES

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

Orde de 15 de maio de 2023 (DOG 30/05/2023)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN

- Páxina web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: <https://ceei.xunta.gal/portada>

Teléfonos de contacto: 881 99 55 29 / 981 54 55 57

14. OBSERVACIÓNS

FEDERACION
GALEGA DE
COMERCIO

